



17 de febreiro de 2014

XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA.

PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNOS (2014-2015)

INSTRUCCIÓN PARA OS CENTROS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS

As seguintes instrucións dítanse trala publicación do Decreto 254/2012, do 13 de decembro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 26 de decembro); da Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 15 de marzo); e das Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o proceso de admisión do alumnado para o curso 2014-2015 do día 11 de febreiro de 2014.

**Punto 1. Ámbito de aplicación.**

Estas instrucións serán de aplicación en todos os centros docentes públicos e privados concertados da provincia da Coruña que impartan algunha das ensinanzas citadas no parágrafo anterior.

**Punto 2. Simultaneidade de estudos.**

Para dar cumprimento ao indicado no artigo 5 da Orde do 12 de marzo de 2013, os alumnos que cursen simultaneamente estudos de música ou danza e ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, terán prioridade para seren admitidos nos seguintes centros:

A Coruña - IES Salvador de Madariaga  
Ferrol - IES Ricardo Carballo Calero  
Santiago de Compostela - IES Antón Fraguas

**Punto 3. Sobre información ao alumnado e aos pais, nais ou titores legais.**

Os centros farán público o criterio complementario e a forma de acreditalo, pero non será necesario enviálo á Xefatura Territorial salvo que sexa modificado.

As direccións dos centros públicos e os titulares dos centros privados concertados deberán dar cumprimento, de forma rigorosa, ás indicacións sinaladas no artigo 13 da Orde do 12 de marzo de 2013. É obrigatorio que toda a información recollida nesa disposición, estea exposta no taboleiro de anuncios dos centros o día 1 de marzo do presente ano. Ademais, deben publicarse estas instrucións e as da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Segundo se indica no artigo 3 da Orde do 12 de marzo de 2013, os directores dos centros públicos e os titulares dos centros privados concertados deberán enviar á Xefatura Territorial a proposta de postos escolares vacantes.

**Punto 4. Sobre a solicitude.**

4.1.- A solicitude será única, realizada no modelo anexo II da Orde do 12 de marzo de 2013.

4.2.- Coa solicitude, en calquera caso, deberá achegarse copia do DNI do alumno ou copia do libro de familia, para acreditar a súa idade.



4.3.- A solicitude presentarase no centro que se elixe en primeiro lugar, sen prexuízo, para os centros públicos, do establecido no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4.4.- Na mesma solicitude os representantes legais do alumno deberán manifestar se desexan ou non utilizar os servizos complementarios.

4.5.- Os representantes legais do alumno tamén deberán indicar se o alumno presenta necesidades específicas de apoio educativo (achegando, se fose o caso, a documentación que acredite as circunstancias alegadas).

4.6.- Toda a documentación deberá ser orixinal ou copia cotexada; bastará para iso co selo do centro.

4.7.- Cando en educación infantil, de acordo co procedemento establecido, se opte pola permanencia dunha nena ou neno con necesidades educativas especiais un ano máis no primeiro ciclo, a súa incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo, aínda que non se axuste ás condicións de idade requiridas, con carácter xeral. Este alumnado poderá optar á reserva de prazas establecida con carácter xeral para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo que se escolariza no primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil (Artigo 17.3 do Decreto 229/2011- DOG 21/12).

4.8.- Segundo se indica no artigo 34 da Orde do 12 de marzo, as direccións dos centros públicos e os titulares dos centros concertados remitirán inmediatamente á Xefatura Territorial as solicitudes duplicadas.

Calquera dúbida poderá ser resolta nas seguintes direccións de correo electrónico das comisións de escolarización:

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Ames:

[maria.carmen.garcia.rodriquez@edu.xunta.es](mailto:maria.carmen.garcia.rodriquez@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Arteixo:

[elisardo@edu.xunta.es](mailto:elisardo@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Boiro:

[mfbaltar@edu.xunta.es](mailto:mfbaltar@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Cambre:

[milagroscouto@edu.xunta.es](mailto:milagroscouto@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Carballo:

[bestrada@edu.xunta.es](mailto:bestrada@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización da Coruña:

[mdb@edu.xunta.es](mailto:mdb@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Culleredo:

[jvcaruncho@edu.xunta.es](mailto:jvcaruncho@edu.xunta.es)



Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Ferrol:

[elenaurtiaga@edu.xunta.es](mailto:elenaurtiaga@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Narón:

[m.luisagarcia@edu.xunta.es](mailto:m.luisagarcia@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Oleiros:

[luis.framil.alvarez@xunta.es](mailto:luis.framil.alvarez@xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Ribeira:

[iserna@edu.xunta.es](mailto:iserna@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Sada:

[ivanmira@edu.xunta.es](mailto:ivanmira@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Santiago de Compostela:

[manuel.guerra@edu.xunta.es](mailto:manuel.guerra@edu.xunta.es)

Centros educativos pertencentes á comisión de escolarización de Teo:

[bandera@edu.xunta.es](mailto:bandera@edu.xunta.es)

4.9 As solicitudes fóra de prazo (artigo 34 da Orde do 12/03/13) remitiranse A Xefatura Territorial da CCEOU.

4.10. Na solicitude de admisión, concretamente no Anexo II, folia 3, columna "Puntuación", serán os solicitantes os que deben cubrir os datos numéricos, Os centros teñen que comprobar o cumprimento desta norma.

#### **Punto 5. Sobre a garantía de permanencia:**

5.1.- Unha vez admitido un alumno nun centro queda garantida a súa permanencia no mesmo ata a finalización das ensinanzas sostidas con fondos públicos que o centro estea autorizado a impartir.

5.2.- O cambio de curso, ciclo, nivel ou etapa non requirirá un novo procedemento de admisión, agás que coincida cun cambio de centro. Se é o caso, os titores legais do alumno deberán remitir ao centro unha copia da solicitude que formulen para ser admitido noutro centro. A admisión do alumno no novo centro implicará a perda do dereito de permanencia.

5.3.- No caso de alumnos que solicitan cambio de centro, o director do centro receptor deberá comunicar ao director do centro de procedencia a admisión do alumno/a tan pronto como se produza.

#### **Punto 6. Sobre a proximidade do domicilio familiar ao centro:**

6.1.- Este concepto aparece aclarado na instrución sexta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o proceso de admisión do alumnado para o curso académico 2014-2015.



6.2.- Os directores dos centros con máis demanda que oferta de prazas, unha vez efectuadas as comprobacións e revisións, entregarán copia das solicitudes, ordenadas alfabeticamente e por niveis, debidamente seladas e rexistradas para que a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña verifique que os datos de identificación fiscal, emitidos pola Axencia Estatal Tributaria no ano no que se solicita praza escolar, coinciden cos achegados polo certificado do Padrón Municipal. En Ferrol e Santiago presentarase nos rexistros administrativos das sedes da Inspección Educativa. No caso da cidade da Coruña, de Culleredo, Cambre, Oleiros, Carballo, Arteixo e Sada entregarase no rexistro xeral do Edificio Administrativo de Monelos; facultativamente, poderán entregar unha copia selada do oficio que acredite a citada entrega, ao xefe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, no andar 1º.

Cando o certificado de empadramento non cumpra o requisito de antigüidade esixido no artigo 22,3 da Orde do 12 de marzo, poderá xustificarse diante dos órganos competentes do mesmo xeito reflectido no artigo 22,4 para o caso de non coincidencia dos domicilios familiar e fiscal.

6.3. Os Directores dos centros velarán para que todos os datos que se consignen na solicitude de admisión (e, en especial, os relativos ao DOI - documento oficial de identidade - e á puntuación que figure en función dos criterios de admisión alegados) estean correctamente cubertos e as autorizacións debidamente asinadas.

#### **Punto 7. Sobre a renda da unidade familiar:**

7.1. Na solicitude de admisión os representantes legais do alumno autorizarán expresamente a utilización da información de carácter tributario que se precisa para a acreditación da renda anual da unidade familiar, que será subministrada directamente á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. Tanto que se opte por unha tributación conxunta, como individual, a autorización concederase por ambos os dous cónxuxes e deben figurar todos os declarantes da unidade familiar..

#### **Punto 8. Sobre as discapacidades:**

8.1. Puntuaranse só as discapacidades en grao igual ou superior ao 33 por 100.

8.2. Cando se alegue unha discapacidade do alumno, nai, pai ou titores legais ou algún dos seus irmáns, esta deberá acreditarse mediante a certificación do ditame emitido polo órgano competente da Xunta de Galicia ou, se é o caso, doutras Administracións Públicas.

8.3. Non se baremará este criterio nas solicitudes pendentes do devandito ditame, agás que se achegue o mesmo no período para presentación de documentación acreditativa.

8.4. Sen prexuízo de todo o exposto anteriormente terá prioridade na área de escolarización que corresponda ao seu domicilio familiar ou laboral o alumnado que deba ser escolarizado por traslado da unidade familiar debida á mobilidade forzosa de calquera dos pais ou por un cambio de localidade derivado de actos de violencia de xénero. Se despois de aplicado o baremo non obtivesen praza en ningún centro da área de escolarización citada deberán tomarse as medidas oportunas para asignarlles a praza nela.




**Punto 9. Sobre a documentación que deben remitir os centros:**

9.1 As direccións dos centros públicos e os titulares dos centros privados concertados remitirán, debidamente selada, á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de dous días hábiles seguintes á exposición da listaxe definitiva de admitidos, a seguinte documentación:

- a) Copia das listaxes definitivas de admitidos (coa puntuación obtida), indicando o centro de procedencia, de ser o caso.
- b) Número de postos escolares non cubertos, detallados por cursos e niveis.
- c) Listaxe do alumnado que non resultou admitido no centro (incluído o de NEAE), indicando a puntuación obtida xunto coa documentación presentada.
- d) Copia da listaxe provisional de admitidos e copias das reclamacións presentadas e resolucións das mesmas.

A Coruña, 17 de febreiro de 2013  
O xefe territorial

Asdo.: Indalecio Cabana Leira





**CRITERIOS GENERALES DE PRIORIDAD ADMISIÓN DE ALUMNOS**

Decreto 254/2012 (26 de diciembre)/Orde de 12/03/13

<u>CRITERIOS</u>	<u>PUNTUACIÓN</u>				
<b>* Existencia de hermanos en el centro</b>					
Hermano matriculado en el centro	8				
2º y siguientes hermanos matriculados en el centro	2				
Gemelos, siempre que soliciten área de influencia	8				
<b>* Padre, madre o tutor legal trabajador del centro (no acumulable ambos)</b>	3				
<b>* Proximidad del domicilio familiar al centro</b>					
Domicilio familiar en el área de influencia del centro	6				
Domicilio familiar en las áreas limítrofes	3				
Domicilio familiar en otras áreas	0				
<b>* Proximidad del lugar de trabajo al centro (no acumulable a la de domicilio)</b>					
Lugar de trabajo del padre, madre o tutor legal en el área de influencia	4				
Lugar de trabajo del padre, madre o tutor legal en el área limítrofe	2				
Lugar de trabajo del padre, madre o tutor legal en otras áreas	0				
<b>* Renta anual PERCÁPITA de la unidad familiar</b>					
Ingresos inferiores a 0,5 veces el IPREM	3				
Ingresos igual o superiores a 0,5 e inferior a 0,75 veces el IPREM	2				
Ingresos igual o superiores a 0,75 e inferior al IPREM	1				
Ingresos igual o superiores al IPREM	0				
	<table border="1" style="margin-left: auto; margin-right: auto;"> <tr> <td style="padding: 2px;">3.195,06</td> </tr> <tr> <td style="padding: 2px;">3.195,06 e 4.792,60</td> </tr> <tr> <td style="padding: 2px;">4.792,60 e 6.390,13</td> </tr> <tr> <td style="padding: 2px;">6.390,13</td> </tr> </table>	3.195,06	3.195,06 e 4.792,60	4.792,60 e 6.390,13	6.390,13
3.195,06					
3.195,06 e 4.792,60					
4.792,60 e 6.390,13					
6.390,13					
<b>* Por condición de familia numerosa</b>					
De categoría especial	3				
De categoría general	2				
<b>* Por condición de familia monoparental</b>	2				
<b>* Discapacidad (igual o superior al 33%)</b>					
En el alumno/a	4				
En el padre, madre o tutor legal	3				
En los hermanos del alumno/a	1				
<b>* A criterio del centro</b>	1				
<b>* En la solicitud de plaza para cursar el BACHILLER se puntuará el expediente académico</b>					
* Sobresaliente .....2 puntos / * Notable ..... 1 puntos / * Bien .....0,50 puntos					

\*\*\*\*\*  
**Criterios de DESEMPATE** ... La mayor puntuación en cada criterio, atendiendo al orden en el que se encuentran  
 De persistir el empate se irá a las letras del primer apellido U - K y del 2º apellido J - Ñ

\*\*\*\*\*  
 \* La reserva de plaza en el centro adscrito tendrá carácter vinculante, cuando haya plazas suficientes,  
 \* Si se presenta una solicitud de admisión a otro centro estando vinculado por reserva se perderá el **derecho a prioridad**,  
 al igual que la duplicidad de solicitudes de admisión.

IPREM año 2013 ..... 6.390,13 € en cómputo anual